



Paraíso
entre ríos

PADERNE MAIO 2017

INFORMACIÓN MUNICIPAL

Solicitud de novos obradoiros de emprego

Vense de asinar a solicitude de tres novos obradoiros de emprego ó abeiro da Orde do 8 de febreiro de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por unha banda, o pasado 22 de marzo asinou o o acordo de colaboración para a solicitude do obradoiro de emprego "A DEPENDENCIA: EMPREGO SOSTIBLE" coas especialidades de "Atención socio sanitaria a persoas dependentes en institucións sociais", integrado por 10 alumnos, e a especialidade de "Promoción e intervención socioeducativa con persoas con discapacidade" que daría formación a outros 10 alumnos. A solicitude deste obradoiro foi asinada conxuntamente entre os concellos de Abegondo, Betanzos, Carral, Coirós e Paderne.

Tamén se asinou, este pasado día 24 de marzo, o Convenio de colaboración para a solicitude do obradoiro de emprego "SOCIOSANITARIO II" a desenvolver entre os concellos de Miño, Pontedeume e Paderne na especialidade de "Atención socio sanitaria a persoas dependentes en institucións sociais" para 20 alumnos.



Sinatura, por parte dos alcaldes de Miño, Pontedeume e Paderne, do acordo de colaboración para a solicitude do obradoiro "Sociosanitario II"

Por último, o 29 de marzo, asinou o acordo de colaboración entre os concellos de Abegondo, Bergondo, Betanzos, Carral, Coirós, Oza-Cesuras e Paderne para a posta en marcha do obradoiro de emprego "RESERVA DA BIOSFERA: EMPREGO SOSTIBLE" nas especialidades de "Floricultura" integrado por 10 alumnos e "Producción de sementes e plantas en viveiro" que daría formación a outros 10 alumnos.

Os esforzos sempre van encamiñados a mellorar as condicións de vida das persoas de Paderne loitando polo emprego e formación que poidan proporcionar os mellores beneficios ás nosas familias.

Aniversario do Centro de Maiores

Un cento de socios do Centro de Maiores de Paderne, acompañaron ó Alcalde nos actos de celebración do aniversario da súa posta en funcionamento.

Nesta onomástica, o grupo pasou a mañá realizando unha panorámica da cidade de A Coruña rematando cun paseo polo Monte de San Pedro. Despois, a comida nun restaurante da zona co sorteo de regalos e o baile, puxo punto final a un agradable día de celebración.

Reciclando para evitar o cambio climático no Día da Árbore, Paderne 2017 Territorio Reserva da Biosfera

O 21 de marzo, o Concello de Paderne realizou unha xornada de concienciación sobre o coidado do medio ambiente na que participaron diversos colectivos do Concello moi implicados na limpeza e coidado do noso entorno como son o Coto de Caza, a Sociedade de Pescadores, a Confradía de Pesca e Marisqueo, a Asociación de Veciños de Quintas, a Empresa de recollida de lixo, Protección Civil, persoal do Concello, concelleiros e o propio Alcalde.



O Alcalde, acompañado polas persoas que participaron nesta xornada



Vista da bahía da Concha desde os xardíns do Palacio de Miramar

Excursión a San Sebastián e Francia

Realizouse na última semana de marzo. Coa residencia establecida en Zarautz, o grupo coñeceu a veciña localidade de Getaria, a 3 km.; lugar natal de Elcano. En San Sebastián puido verse o "Palacio de Miramar", a Praia da Concha coa famosa escultura de Chillida "Peine del Viento", O Monte Urgull, o Kursaal ou a Ponte de M^a Cristina, entre outros, sen esquecer a degustación dos espectaculares pintxos e do txacolí nas rúas cercanas ó mercado. Foise tamén a Biarritz e San Juan de Luz, en Francia, famosos por ser lugar de veraneo da aristocracia e a alta burguesía. A visita programada a unha adega e plantación de txacolí en Getaria, na que ademais se degustaron unhas riquísimas anchoas caseiras do Cantábrico, cautivou a todo o grupo. E, de volta, parada obrigada en Castro Urdiales. Comida e, pola tarde, parada en Gijón para visitar a Universidade Laboral.

XVI Festa dos maiores

Celebrouse o pasado 29 de abril; unha cita pensada especialmente para os maiores ós que o Alcalde convoca cada ano no polideportivo municipal. Despois das palabras do Alcalde tivo lugar a Santa Misa celebrada polos dous párrocos do Concello e cantada pola Coral Albeiro de Velouzás, segueulle o acto de homenaxe ós maiores e a comida tralacal se realizou o sorteo de regalos.



Unha foto de grupo despois do acto de homenaxe ós maiores

Fondo de Compensación Ambiental

Segundo a Orde de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia competitiva e da liña en concorrencia non competitiva, do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2017, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia, os concellos de Paderne e Miño acordan elaborar un proxecto conxunto.

Así, o proxecto "PLAN DE ACTUACIÓN CONTRA AS ESPECIES EXÓTICAS INVASORAS VESPA VELUTINA E CORTADEIRA SELLOANA MIÑO-PADERNE 2017" foi asinado recentemente polos alcaldes de Paderne e Miño.

Dada a crecente preocupación polo incremento de especies exóticas invasoras que están a desprazar ás autóctonas propias destes hábitats, concretamente a AVISPA ASIÁTICA e a HERBA DA PAMPA, os concellos de Miño e Paderne, como Administracións Locais e, polo tanto, poderes públicos, asumen a súa responsabilidade como actores esenciais na xestión e posta en valor do seu territorio.

Deste xeito, entenden que deben procurar medidas para unha maior protección, defensa e conservación integral do medio rural e, fundamentalmente, da súa biodiversidade.



Os Alcaldes de Miño e Paderne na sinatura de ambos Convenios

Convenio de Colaboración co Concello de Miño para a valorización do Medio Ambiente

Con data de 24 de febreiro, os alcaldes de Miño e Paderne asinaron un Convenio de colaboración para a solicitude de subvención ó Golfo Ártabro Norte para o "Proxecto de estudos técnicos para a valorización medio ambiental e o desenvolvemento local sustentable dos corredores verdes dos estuarios dos ríos Xarío, Baxoi, Lambre e Mando".

Proxecto solicitado en base á Orde da Consellería do Mar pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ó abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas ós grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do fondo Europeo Marítimo e de Pesca.

A súa finalidade é obter os estudos técnicos de información sobre os leitos destes ríos nos seus estuarios e nas zonas de contacto co territorio do litoral de Miño e Paderne cara a unha maior protección (cara Rede Natura ou similar segundo as súas posibilidades de integración coa Reserva da Biosfera) e potenciación do seu aproveitamento marisqueiro, turístico e de lecer, a través dun modelo sustentable e integrado co desenvolvemento urbano dos dous concellos.

Acordo de colaboración entre os concellos de Betanzos, Coirós e Paderne, para a posta en marcha dun sistema de Xestión Integrada do Servizo de Orientación Laboral

Asinado o pasado día 10 de abril co fin de achegar servizos que favorezan a mellor inserción no mercado laboral das persoas do Concello establecendo fórmulas de colaboración cos concellos de Betanzos e Coirós que permitan executar conxuntamente o servizo de orientación laboral segundo a Orde do 8 de marzo de 2017 da Consellería de Traballo e Benestar.

Con este convenio, os tres concellos agrúpanse para solicitar unha subvención que permita a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego no exercicio 2017.

Convenio de colaboración coa Consellería de Medio Rural para a participación na prevención e defensa contra os incendios forestais

Este Convenio, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020 e asinado entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Paderne, comprende os anos 2016, 2017 e 2018.

Con un importe concedido de **7.100 €** para este 2017, está en proceso de contratación para dar cozezo os **traballos de desbroce** o 1 de xullo.

É unha das importantes medidas a adoptar en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais que ameazan, non só o patrimonio forestal público e privado, senón tamén os recursos naturais e o mantemento e desenvolvemento da actividade humana no medio rural.

Limpeza de praias

O Concello de Paderne ven de recibir unha axuda de **9.099,94 €** da Deputación da Coruña para a contratación de **3 peóns** por un período de **3 meses**, desde o 15 de xuño ata o 15 de setembro dentro do programa **limpeza de praias** da Deputación.

Con esta contratación quérese facilitar o acceso das persoas ás zonas de baño do municipio cunhas vías e camiños o máis cómodos posible evitando o perigo que supón a invasión dos mesmos pola maleza.

Cursos de golf

O Club de Golf Paderne segue organizando clases de Golf para tódalas idades no seu campo situado en Velouzás. De cara ós cursos de verán, que comezarán en xuño, o clube ofrece descontos do 50% para tódalas persoas empadroadas no Concello de Paderne.

Hai grupos para tódalas idades e niveis, incluídos cursos de iniciación para calquera que queira achegarse por primeira vez a este deporte.

Con esta iniciativa, o clube quere dalo a coñecer ante o gran público. O golf é un deporte moi saudable, que se practica ó aite libre e facilita as relacións sociais nun entorno tranquilo rodeado de natureza.

Moi recomendable tanto para persoas maiores como para nenos a partires de 6 anos, pois activa as funcións psicomotrices.

O Club de Golf Paderne está situado en Chedas, na parroquia de Velouzás. O que desexe maior información pode contactar en www.golfpaderne.com

Reunión do Consello Rector do Goberno da Rede de Gobernos Locais + Biodiversidade de España na Cidade de Córdoba

O Consello Rector da Rede de Gobernos Locais + Biodiversidade, conta con dous alcaldes de Galicia, un deles, o Alcalde de Paderne.

Como membro deste Consello, participou na reunión que tivo lugar o pasado día 19 de abril en Córdoba.

Así mesmo, ó ser a Rede de Gobernos Locais + Biodiversidade ente colaborador da Rede de Parques e Xardíns Públicos de España, estiveron invitados ó "44 Congreso Nacional de Parques e Xardíns Públicos" que tamén tivo lugar os días 19, 20, 21 e 22 de abril no Salón de Actos do Rectorado da Universidade de Córdoba.

Varias visitas técnicas completaron estes intensos días de intercambio de experiencias que afectan a tódolos concellos a nivel estatal.



O Alcalde na reunión do Consello Rector do Goberno da Rede de Gobernos Locais + Biodiversidade



Stand do Concello no que se promocionaba a Mostra do vindeiro 1 e 2 e o Branco Lexítimo de Paderne

Primavera no Camiño Inglés

Paderne participou, xunto co resto de concellos polos que pasa o Camiño Inglés, na feira "Primavera no Camiño Inglés" organizada pola Deputación da Coruña e celebrada en Betanzos o pasado 22 de abril.

Actuacións como a da Escola de Gaitas San Pantaleón, e actividades tales como degustación da tortilla de Betanzos, troitas de Oroso, pan de Carral, empanada de Neda, biscoito de Ordes, a proia de Pontedeume e o Branco Lexítimo de Paderne, pretendían dar a coñecer ó visitante a variada oferta turística, cultural e gastronómica desta ruta.

O Concello, acompañado no seu stand polas Adegas Beade que ofrecían degustación de Branco Lexítimo, aproveitou para promocionar a próxima Mostra do Branco Lexítimo a celebrar os días 1 e 2 de xullo.


Día das Letras Galegas

Será o día 17 de maio ás 12:00 h. na praza do Campo da Escola en Ínsua, Viñas. Comezaremos cunhas palabras do Alcalde coas que recordará ó persoeiro homenaxeado nesta edición.

Carlos Casares (Ourense 1941 – Nigrán 2002).

Contaremos este día cos sons da Escola de Gaitas San Pantaleón e as voces da coral Alcoa-Inespal. Ó remate do acto compartiremos todos uns pinchos e un viño da terra.

¡¡Esperámosvos para celebración deste Día!!



Carlos
Casares

LETRAS GALEGAS 2017



CARREIRA-TRAIL DO BRANCO LEXÍTIMO – PADERNE

Primeira carreira por montaña a desenvolver por sendas, camiños e pistas do termo municipal de Paderne o día **2 de xullo de 2017** (segundo día da Mostra).

A organización ten previsto un elevado número de inscricións tal e como xa sucedeu en anteriores edicións dando a coñecer, deste xeito, os distintos lugares de Paderne.

Os viñedos e sendas do Concello terán un lugar destacado neste recorrido no que o Branco Lexítimo e o deporte cobran un papel protagonista na Mostra do Branco Lexítimo a celebrar os días 1 e 2 de xullo.

Consta de varias distancias; unha longa de 21 km, unha curta de 11 km e unha infantil de 1,5 km. A hora de saída será ás 10:00 h e a hora de peche da meta (no Campo de O Telleiro) ás 14:00 h. A data límite para inscribirse é o 30 de xuño.

Información e inscricións en: www.tracktherace.com

Romaría da Santa Cruz, en Vigo

A celebrar o día 13 de maio. Os veciños e invitados xúntanse na praza da Picota para comer este día de festa.

Festa das Flores, en Obre

O día 27 de maio no Campo da Festa. Acudirán todos os veciños a comer de romería.

Aniversario da AA.V. de Quintas

Vaise a celebrar o vindeiro día 10 de xuño. Comezará ás 13:45 h coa celebración da misa e logo os socios, xunto cos seus invitados, celebrarán a comida sobre as 14:30 h.

Para todas estas celebracións o Concello facilita a carpa e o material de que dispón a fin de que os veciños pasen o día o mellor posible.